

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

**3717** *Real decreto 184/2015, do 13 de marzo, polo que se regulan o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde e o procedemento da súa actualización.*

O artigo 15.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece a creación, modificación e supresión das categorías de persoal estatutario no ámbito das competencias de cada administración sanitaria, de acordo coas previsións do capítulo XIV e, se for o caso, do artigo 13 desa lei. A antiga redacción do artigo 15.2 establecía que os servizos de saúde debían comunicar ao Ministerio de Sanidade as categorías de persoal estatutario existentes neles, así como a súa modificación ou supresión e a creación de novas categorías, co fin de proceder, de ser o caso, á homologación das distintas clases ou categorías funcionais de persoal estatutario, co fin de garantir a mobilidade en termos de igualdade efectiva do persoal estatutario no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

Desde entón, os servizos de saúde, dentro do ámbito de competencias que lles recoñece o citado artigo 15.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, suprimiron, crearon e modificaron categorías de persoal estatutario de acordo cos criterios de organización que cada servizo de saúde considerou conveniente, co único requisito de comunicalo ao Ministerio de Sanidade para que procedese á súa homologación conforme o previsto no artigo 37.1 da dita lei. Isto deu lugar a unha diversidade de categorías profesionais que supuxo unha barreira á mobilidade dos profesionais entre os servizos de saúde.

Pola súa parte, o artigo 43 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, determina que mediante real decreto, tras acordo no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, logo do informe do Foro marco para o diálogo social, se establecerán os criterios básicos e as condicións das convocatorias de profesionais e dos órganos encargados do seu desenvolvemento que aseguren a súa mobilidade en todo o territorio do Estado, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas ás administracións sanitarias.

O Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, modificou o artigo 15.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, encomendando ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a aprobación dun catálogo homoxéneo onde se establecesen as equivalencias das categorías profesionais dos servizos de saúde. Para estes efectos, os servizos de saúde deben comunicar ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade as categorías de persoal estatutario existentes nel, así como a súa modificación ou supresión e a creación de novas categorías, co fin de proceder, se for o caso, á elaboración deste catálogo de equivalencias e á súa homologación conforme o previsto no artigo 37.1 da dita lei.

Este catálogo homoxéneo de equivalencias de categorías profesionais permitirá que o persoal estatutario poida acceder a prazas vacantes doutros servizos de saúde, mellorando a calidade da asistencia e facendo efectiva a garantía da súa mobilidade en todo o Sistema Nacional de Saúde, tal e como recolle o artigo 43 da Lei 16/2003, do 28 de maio.

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en cumprimento do artigo 15.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, tras a súa modificación polo Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, procedeu, logo de comprobación das categorías de réxime estatutario existentes nas disposicións vixentes en cada servizo de saúde de cada comunidade autónoma, á identificación das categorías profesionais vixentes de persoal estatutario e, consecuentemente, á elaboración do catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde. No dito catálogo

decláranse as categorías que se consideran equivalentes entre si e respecto ás denominadas «de referencia», co fin de regular un instrumento que contribúa á garantía do dereito á mobilidade do persoal estatutario no conxunto do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento de actualización deste catálogo, pola creación de novas ou modificación ou extinción das categorías profesionais actualmente existentes.

Neste sentido, e para desenvolver o modelo de especialidades de enfermaría no Sistema Nacional de Saúde, así como para facilitar a mobilidade do persoal estatutario que acceda ás categorías de enfermeiro/a especialista, no ámbito da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde detectouse a conveniencia de que aquelas administracións competentes para a creación de categorías de persoal estatutario que non o fixesen procedan á creación das correspondentes ás de enfermeiro/a especialista. Con esta medida fomentárase a xeración do espazo profesional daqueles que accedan ao título de enfermeiro/a especialista e completáranse as expectativas do sistema de formación sanitaria especializada no ámbito da profesión enfermeira, tal e como recolle o anexo I-4 do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, e a disposición adicional sexta do Real decreto 639/2014, do 25 de xullo, polo que se regula a troncalidade, a reespecialización troncal e as áreas de capacitación específica, se establecen as normas aplicables ás probas anuais de acceso a prazas de formación e outros aspectos do sistema de formación sanitaria especializada en Ciencias da Saúde e se crean e modifican determinados títulos de especialista.

Este real decreto foi debatido e conta co informe favorable do Pleno da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, e cumpre co establecido no artigo 11.4 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, sobre materias contidas no artigo 37 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Igualmente, o Comité Consultivo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde emitiron informe sobre el.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de marzo de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto garantir a mobilidade, en termos de igualdade efectiva, do persoal estatutario no conxunto do Sistema Nacional de Saúde, mediante a aprobación dun catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde (en diante, o catálogo), e a regulación do procedemento de actualización do dito catálogo conforme os servizos de saúde das comunidades autónomas procedan á creación, modificación e supresión das ditas categorías.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto enténdese por:

a) Praza: destino de carácter básico de cada categoría profesional susceptible de provisión directa mediante convocatoria, no marco dos procedementos de mobilidade

previstos no artigo 37 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

b) Grupo e subgrupo de clasificación profesional: criterio de agrupación e clasificación das categorías profesionais do persoal estatutario, de acordo coa titulación exixida para o acceso a eles, segundo establecen, e coa mesma extensión que para o persoal funcionario de carreira, o artigo 76 e a disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

c) Categoría profesional: agrupación de funcións, cualificación, competencias, grupo e subgrupo funcional de clasificación e titulación, necesarias e exixibles para a prestación dun servizo público no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, que condiciona a incorporación e o acceso dos profesionais aos centros e institucións sanitarias deste sistema no grupo e subgrupo de clasificación profesional correspondente.

d) Categoría de referencia: denominación da categoría a que se fan equivalentes aquelas categorías reguladas en cada servizo de saúde que presentan as mesmas exixencias de acceso en canto a titulación, cualificación e outros requisitos de competencias e capacitación profesional e que, ademais, desempeñan funcionalmente as mesmas tarefas e funcións, independentemente da súa denominación orixinal.

e) Categoría equivalente: agrupación de funcións, cualificacións, competencias, grupo e subgrupo funcional de clasificación e titulación que, con denominación diferente, se considera equiparable a outra ou outras vixentes en distintos servizos de saúde, e que se identifican, pola súa vez, cunha categoría de referencia.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación ao persoal estatutario que desempeña a súa función nos centros e institucións sanitarias dos servizos de saúde das distintas administracións con competencias en asistencia sanitaria.

## CAPÍTULO II

### **Catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde**

#### Artigo 4. *Catálogo homoxéneo de equivalencias.*

Apróbase o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde, que se incorpora como anexo.

#### Artigo 5. *Estrutura do catálogo homoxéneo de equivalencias.*

O catálogo homoxéneo de equivalencias estrutúrase nos seguintes elementos:

- Grupo e subgrupo profesional.
- Categoría de referencia.
- Categorías equivalentes á que se fixa, en cada caso, como de referencia.

#### Artigo 6. *Condicións e criterios básicos das convocatorias dos concursos de traslado.*

Os concursos de traslado convocados polos distintos servizos de saúde deberán atender ás seguintes condicións e criterios básicos:

a) As convocatorias que, ao abeiro do previsto nos artigos 37 e 38 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, promovan os servizos de saúde deberán especificar a categoría equivalente, que será a propia en que se oferten prazas, e a de referencia, conforme o catálogo contido no anexo deste real decreto.

b) Coa finalidade de garantir o coñecemento e a difusión a todo o persoal estatutario afectado que resulte con dereito a participar nestas convocatorias, deberase deixar

constancia nestas das categorías afectadas, tanto das propias como das categorías de referencia, en que se pretenda ofertar prazas a concurso de traslado.

c) Decláranse equivalentes as categorías que aparecen no catálogo respecto da categoría de referencia á cal se equiparan, co fin de validar aqueles concursos de traslado aos cales se refire o artigo 37 da Lei 55/2003, do 16 de decembro.

d) As convocatorias cumprirán coa necesaria coordinación interrexional e deberá primar o principio de colaboración entre todos os servizos de saúde. Para isto, conforme sinala o artigo 38 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde establecerá os criterios e principios que resulten procedentes tendo en conta a periodicidade e coordinación das convocatorias de prazas en categorías afectadas polo catálogo.

e) O acceso ás categorías de referencia mediante a participación nun concurso de traslados precisará que o aspirante se encontre encadrado, na súa categoría de orixe, na especialidade ou categoría específica en que se oferten prazas. Isto será así para que non se poida producir, en ningún caso, o acceso dun efectivo a outra categoría distinta da cal procede e na cal ten a condición de persoal estatutario fixo, e producirase nos casos en que así quede especificado no propio anexo.

### CAPÍTULO III

#### **Actualización do catálogo homoxéneo de equivalencias**

*Artigo 7. Consulta previa á creación, modificación ou declaración de extinción dunha categoría.*

1. Con carácter previo á publicación da norma ou da resolución que acorde a creación, modificación, supresión ou declaración de extinción dalgunha categoría, as administracións sanitarias que o consideren conveniente poderán consultar, previamente e de forma voluntaria, a Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade sobre a adecuación desa decisión respecto á categoría profesional ou categorías profesionais ás cales poida afectar.

2. O informe que emita a Dirección Xeral de Ordenación Profesional pronunciarase necesariamente sobre os seguintes aspectos:

- a) Xustificación da necesidade.
- b) Grupo e subgrupo profesional de adscrición.
- c) Titulación, requisitos de acceso e proposta de equivalencia respecto ao catálogo vixente, valorando a necesidade da súa modificación ou actualización.
- d) Pertinencia da iniciativa.

3. O informe da Dirección Xeral de Ordenación Profesional terá carácter facultativo e non vinculante e deberá ser emitido no prazo dun mes desde que se efectúe a consulta.

*Artigo 8. Procedemento de actualización do catálogo homoxéneo de equivalencias.*

1. Cando as administracións con competencias en asistencia sanitaria, en cumprimento e desenvolvemento do previsto no artigo 15.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, acorden a creación, modificación, declaración de extinción ou supresión dunha ou dalgunhas categorías profesionais de persoal estatutario, procederán, no prazo dun mes desde a publicación da norma ou resolución que acorde calquera destes aspectos, á remisión do seu texto á Dirección Xeral de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, quen acordará a iniciación do procedemento de actualización do catálogo homoxéneo de equivalencias. Para estes efectos, o texto que se remita irá xunto coa proposta motivada que xustifique a actualización do catálogo.

2. Iniciado o procedemento, requirirase informe preceptivo, pero non vinculante, da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde sobre a pertinencia de actualización do catálogo, quen, á vista da documentación sinalada no número anterior, o

emitirá no prazo máximo dun mes. Este informe valorará os argumentos que conteña a proposta motivada de actualización do catálogo en relación coa nova categoría creada ou coa modificada e, así mesmo, pronunciarase acerca da pertinencia de actualización do catálogo como consecuencia da supresión ou declaración de extinción dalgunha categoría que, se for o caso, se acorde.

3. No prazo máximo de tres meses desde que se acordou o inicio do procedemento, e á vista do informe da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade actualizará, se for o caso, mediante orde, o catálogo homoxéneo de equivalencias, de acordo cos seguintes criterios:

a) No caso de creación ou de modificación dunha nova categoría profesional, terase en conta a titulación exixida para acceder, o grupo e subgrupo de clasificación profesional en que se insire e o resto de requisitos que estableza a norma pola que se cree ou modifique.

b) No caso de supresión ou declaración de extinción dunha categoría, valorarase a necesidade de actualización do catálogo en función, en primeiro lugar, da subsistencia ou non dunha categoría similar noutras administracións sanitarias; en segundo lugar, da existencia ou non de persoal estatutario fixo na categoría afectada que manteña o dereito á mobilidade e, en último termo, do resto de circunstancias que orienten sobre a necesidade de actualizar ou non o propio catálogo.

4. Fronte á orde prevista no número anterior poderá interperse, potestativamente, recurso administrativo de reposición, de acordo co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 9. *Efectos da actualización do catálogo homoxéneo.*

1. A actualización do catálogo homoxéneo terá os seguintes efectos:

a) A actualización do catálogo a consecuencia da creación ou modificación de categorías profesionais suporá, ademais dos efectos previstos no artigo 6, a homologación da categoría afectada con aquela categoría de referencia que se considere equivalente.

b) A actualización do catálogo a consecuencia da supresión ou declaración de extinción de categorías profesionais suporá, ben a supresión dalgunha ou dalgunhas categorías profesionais equivalentes, ben a supresión dalgunha categoría de referencia. Estes efectos produciranse, se for o caso, en función do previsto no artigo 8.3.b).

2. Nos casos de supresión ou declaración de extinción de categorías, as administracións sanitarias poderán acordar a integración do persoal fixo de categorías que se declaren a extinguir noutras do mesmo grupo e/ou subgrupo profesional, sempre que o interesado posúa a titulación necesaria.

#### Artigo 10. *Actualización do catálogo con ocasión da convocatoria dun procedemento de mobilidade.*

Con carácter previo a que unha administración sanitaria convoque un proceso de mobilidade voluntaria respecto dunha categoría na cal non se estableza equivalencia no catálogo, esta administración poderá promover a súa actualización mediante o procedemento establecido no artigo 8.

Para tal fin, remitirá ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a proposta de resolución de convocatoria, así como a norma ou resolución de creación ou de modificación da categoría ou categorías afectadas, e tramitaranse, a partir dese momento, as restantes fases do indicado procedemento.

Disposición adicional primeira. *Aplicación deste real decreto na Comunidade Foral de Navarra.*

Conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei 55/2003, do 16 de decembro, este real decreto aplicarase na Comunidade Foral de Navarra nos termos establecidos no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> e na disposición adicional primeira da Constitución, así como na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Disposición adicional segunda. *Participación indistinta de persoal funcionario e estatutario en procedementos de mobilidade voluntaria convocados por distintas administracións sanitarias.*

Naqueles servizos de saúde en que o persoal de institucións sanitarias cambiase o seu réxime xurídico de vinculación ao réxime funcional e sexa distinto, por tanto, do estatutario, poderase manter a garantía recollida no artigo 37 da Lei 55/2003, do 16 de decembro. Para isto, poderase facilitar, indistintamente, que o persoal funcionario de carreira e o estatutario fixo dos servizos de saúde poidan acceder aos procedementos de mobilidade voluntaria establecidos para ambos os tipos de persoal.

Na súa virtude, e con esta finalidade, as administracións sanitarias a que se refire esta disposición poderán formalizar, nesta materia, os convenios de colaboración previstos na disposición adicional décimo segunda da Lei 55/2003, do 16 de decembro.

Disposición adicional terceira. *Categorías de enfermeiro/a especialista.*

Co fin de garantir a mobilidade do persoal estatutario que acceda a novas categorías de enfermeiro/a especialista e co obxecto de dar cumprimento ao previsto neste real decreto, as administracións sanitarias con competencias para isto impulsarán, na medida da súa capacidade normativa e dispoñibilidade orzamentarias, a creación das categorías de enfermeiro/a especialista.

Disposición transitoria primeira. *Comunicación sobre as categorías xa suprimidas ou declaradas a extinguir.*

No prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto, as comunidades autónomas que suprimisen ou declarasen a extinguir algunha categoría das consideradas equivalentes no anexo, comunicaran ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade co fin de valorar e resolver, de acordo co establecido no artigo 8, se procede ou non inserir a modificación correspondente no catálogo.

Disposición transitoria segunda. *Denominación de titulacións académicas.*

Até que se produza a implantación definitiva dos títulos de grao no Sistema Nacional de Saúde de acordo coa normativa de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, todas as referencias que neste real decreto se fan aos licenciados e diplomados sanitarios se entenderán realizadas aos graduados universitarios e, unha vez que se incorpore ao ordenamento xurídico sanitario a dita denominación nas titulacións, deberase actualizar o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais dos servizos de saúde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se constitúe en bases do réxime estatutario do persoal incluído no seu ámbito de aplicación.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto, así como para actualizar o contido do seu anexo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,  
ALFONSO ALONSO ARANEGUI

**ANEXO**  
**Catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais dos servizos de saúde**

GRUPO, OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
A1	P. LICENCIADO SANITARIO (LOPS)	TITULADO ESPECIALISTA EN CIENCIAS DA SAÚDE(*):	FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA (FEA), FACULTATIVO ESPECIALISTA (FE), LICENCIADO ESPECIALISTA (LE), EN:
		ALERGOLOXÍA	ALERGOLOXÍA
		ANÁLISES CLÍNICAS	ANÁLISES CLÍNICAS
		ANATOMÍA PATOLÓXICA	ANATOMÍA PATOLÓXICA
		ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN / ANESTESIA	ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN / ANESTESIA
		ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR	ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR
		APARELLO DIXESTIVO	APARELLO DIXESTIVO
		BIOQUÍMICA CLÍNICA	BIOQUÍMICA CLÍNICA
		CARDIOLOXÍA	CARDIOLOXÍA
		CIRURXÍA CARDIOVASCULAR	CIRURXÍA CARDIOVASCULAR
		CIRURXÍA XERAL E DO APARELLO DIXESTIVO	CIRURXÍA XERAL E DO APARELLO DIXESTIVO / CIRURXÍA XERAL
		CIRURXÍA ORAL E MAXILOFACIAL	CIRURXÍA ORAL E MAXILOFACIAL
		CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA	CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA
		CIRURXÍA PEDIÁTRICA	CIRURXÍA PEDIÁTRICA
		CIRURXÍA PLÁSTICA, ESTÉTICA E REPARADORA	CIRURXÍA PLÁSTICA, ESTÉTICA E REPARADORA
		CIRURXÍA TORÁCICA	CIRURXÍA TORÁCICA
		DERMATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA E VENEREOLOXÍA	DERMATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA E VENEREOLOXÍA / DERMATOLOXÍA
		ELECTORRADIOLOXÍA	ELECTORRADIOLOXÍA
		ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN	ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN / ENDOCRINOLOXÍA
		FARMACIA HOSPITALARIA	FARMACIA HOSPITALARIA
		FARMACOLOXÍA CLÍNICA	FARMACOLOXÍA CLÍNICA
		XERIATRÍA	XERIATRÍA
		HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA	HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA / HEMATOLOXÍA
		HIDROLOXÍA MÉDICA	HIDROLOXÍA MÉDICA
		INMUNOLOXÍA	INMUNOLOXÍA
		MEDICINA DA EDUCACIÓN FÍSICA E O DEPORTE	MEDICINA DA EDUCACIÓN FÍSICA E O DEPORTE / MEDICINA DEPORTIVA
		MEDICINA DO TRABALLO	MEDICINA DO TRABALLO
MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA	MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA / MÉDICO/A DE FAMILIA / MÉDICO/A DE FAMILIA EAP / MÉDICO DE FAMILIA EN PRAZA DIFERENCIADA EN SERV. DE COIDADOS CRÍTICOS E URX. E EN PRAZA DIFERENCIADA DE AT. ESPECIALIZADA E DISPOSITIVO DE COIDADOS CRÍTICOS E URXENCIAS / M. FAM. EN CENTROS DE TRANSFUSIÓN SANGUÍNEA / MEDICINA DE FAMILIA DE AT. PRIMARIA DE SAÚDE		



GRUPO. OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
A1	P. LICENCIADO SANITARIO (LOPS)	MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN	MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN
		MEDICINA INTENSIVA	MEDICINA INTENSIVA
		MEDICINA INTERNA	MEDICINA INTERNA
		MEDICINA LEGAL E FORENSE	MEDICINA LEGAL E FORENSE
		MEDICINA NUCLEAR	MEDICINA NUCLEAR
		MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA	MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA / SAÚDE PÚBLICA
		MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA
		NEFROLOXÍA	NEFROLOXÍA
		PNEUMOLOXÍA	PNEUMOLOXÍA
		NEUROCIRURXÍA	NEUROCIRURXÍA
		NEUROFISIOLOXÍA CLÍNICA	NEUROFISIOLOXÍA CLÍNICA
		NEUROLOXÍA	NEUROLOXÍA
		OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA	OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA / XINECOLOXÍA
		OFTALMOLOXÍA	OFTALMOLOXÍA
		ONCOLOXÍA MÉDICA	ONCOLOXÍA MÉDICA
		ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA	ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA
		OTORRINOLARINGOLOXÍA	OTORRINOLARINGOLOXÍA
		PEDIATRÍA E AS SÚAS ÁREAS ESPECÍFICAS	PEDIATRÍA E AS SÚAS ÁREAS ESPECÍFICAS
		PSICOLOXÍA CLÍNICA	PSICOLOXÍA CLÍNICA
		PSIQUIATRÍA	PSIQUIATRÍA
		RADIODIAGNÓSTICO	RADIODIAGNÓSTICO / RADIOLOXÍA
		RADIOFARMACIA	RADIOFARMACIA
		RADIOFÍSICA HOSPITALARIA	RADIOFÍSICA HOSPITALARIA
REUMATOLOXÍA	REUMATOLOXÍA		
UROLOXÍA	UROLOXÍA		
FARMACÉUTICO/A DE ATENCIÓN PRIMARIA (*)	FARMACÉUTICO / FARMACÉUTICO DE ATENCIÓN PRIMARIA / FARMACÉUTICO DE EQUIPO DE ATENCIÓN PRIMARIA / FARMACÉUTICO DE ÁREA DE AT. PRIMARIA / FARMACIA		
PEDIATRA DE ATENCIÓN PRIMARIA (*)	PEDIATRA DE EQUIPO ATENCIÓN PRIMARIA / PEDIATRA / PEDIATRA E.B. ATENCIÓN PRIMARIA / PEDIATRA DE ATENCIÓN PRIMARIA / PEDIATRA DE ÁREA E EN E.A.P. / PEDIATRÍA EQUIPOS DE AT. PRIMARIA		
TITULADO SANITARIO:			
ODONTÓLOGO (*)	ODONTÓLOGO / ODONTÓLOGO - ESTOMATÓLOGO / ODONTÓLOGO DE E.A.P. / ODONTOLOXÍA ESTOMATOLÓXICA DE ATENCIÓN PRIMARIA / ODONTOESTOMATÓLOGO / ODONTÓLOGO-ESTOMATÓLOGO DE ÁREA DE AT. PRIMARIA / ODONTOLOXÍA-ESTOMATOLÓXICA DE EQUIPOS DE ATENCIÓN PRIMARIA		

GRUPO. OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
A1	P. LICENCIADO SANITARIO (LOPS)	VETERINARIO/A (*)	VETERINARIO/A / VETERINARIO/A DE EQUIPO ATENCIÓN PRIMARIA
		MÉDICO/A DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN CLÍNICA (*)	MÉDICO/A DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN CLÍNICA / MÉDICO/A DOCUMENTACIÓN CLÍNICA E ADMISIÓN / MÉDICO/A DE ADMISIÓN, ARCHIVO E DOCUMENTACIÓN / ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN CLÍNICA
		MÉDICO DE URXENCIA HOSPITALARIA (*)	MÉDICO/A DE URXENCIA HOSPITALARIA / URXENCIA HOSPITALARIA
		MÉDICO/A DE EMERXENCIAS (*)	MÉDICO/A DE URXENCIA E EMERXENCIA / MÉDICO/A DE EMERXENCIA
		MÉDICO/A DE URXENCIAS (*)	MÉDICO/A DE URXENCIAS ATENCIÓN PRIMARIA / MÉDICO/A SERVIZO DE URXENCIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA / MÉDICO/A SERVIZO NORMAL DE URXENCIAS / MÉDICO DE URXENCIA - EMERXENCIA EN ATENCIÓN PRIMARIA / MÉDICO/A DO SERVIZO XERAL DE URXENCIAS / MÉDICO DE URXENCIAS EN AT. PRIMARIA
		TITULADO SUPERIOR EN NUTRICIÓN E CONTROL DE ALIMENTOS	TÉCNICO SUPERIOR EN NUTRICIÓN E CONTROL DE ALIMENTOS
		TÉCNICO/A SAÚDE PÚBLICA: (*)	TÉCNICO/A DE SAÚDE PÚBLICA / TÉCNICO/A DE SAÚDE EN ATENCIÓN PRIMARIA / TÉCNICO/A DE SAÚDE / TITULADO/A SUPERIOR DE SAÚDE PÚBLICA / SAÚDE PÚBLICA
		TÉCNICO/A SAÚDE PÚBLICA EN EPIDEMIOLOXÍA E PROGRAMAS (*)	TÉCNICO/A DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA EN: EPIDEMIOLOXÍA E PROGRAMAS
		TÉCNICO/A SAÚDE PÚBLICA EN MEDICAMENTO(*)	TÉCNICO/A DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA EN: MEDICAMENTO
		ENFERMEIRO/A (*)	ATS / DUE / ENFERMEIRO/A DE ATENCIÓN PRIMARIA / ENFERMEIRO/A DE URXENCIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA / ENFERMEIRO/A DO SERVIZO NORMAL DE URXENCIAS / ENFERMEIRO/A DE EMERXENCIAS / DUE DE APOIO EQUIPO ATENCIÓN PRIMARIA / ATS - DUE DE PREVENCIÓN RRLL / ENFERMARÍA
A2	P. DIPLOMADO SANITARIO (LOPS)	ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA EN: (*)	
		ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA	ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA
		ENFERMARÍA XERIÁTRICA	ENFERMARÍA XERIÁTRICA
		ENFERMARÍA PEDIÁTRICA	ENFERMARÍA PEDIÁTRICA
		ENFERMARÍA DE SAÚDE MENTAL	ENFERMARÍA DE SAÚDE MENTAL / SAÚDE MENTAL
		ENFERMARÍA DO TRABALLO	ENFERMARÍA DO TRABALLO
		ENFERMARÍA OBSTÉTRICO-XINECOLÓXICA (MATRONA)	ENFERMARÍA OBSTÉTRICO-XINECOLÓXICA (MATRONA)
		FISIOTERAPEUTA (*)	FISIOTERAPEUTA / FISIOTERAPEUTA DE ÁREA / FISIOTERAPIA
		PODÓLOGO/A (*)	PODÓLOGO/A
		ÓPTICO/A - OPTOMETRISTA (*)	ÓPTICO/A OPTOMETRISTA / ÓPTICA E OPTOMETRÍA
DIETISTA - NUTRICIONISTA (*)	DIETISTA-NUTRICIONISTA / NUTRICIÓN E DIETÉTICA / NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA		
LOGOPEDA (*)	LOGOPEDA / LOGOFONÍA - LOGOPEDIA / PROFESOR/A LOGOFONÍA E LOGOPEDA / PROFESOR/A LOGOPEDA / PROFESOR/A DE LOGOFONÍA		
TERAPEUTA OCUPACIONAL (*)	TERAPEUTA OCUPACIONAL		

GRUPO. OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSONAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
C1	P. SANITARIO TÉCNICO	TÉCNICO/A SUPERIOR ESPECIALISTA EN (*):	TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE MEDICINA NUCLEAR / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE RADIODIAGNÓSTICO / HIXIENISTA DENTAL / HIXIENISTA DENTAL DA ÁREA / HIXIENE DENTAL / PRÓTESE DENTAL / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE LABORATORIO / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DOSIMETRISTA / TÉCNICO/A EN ORTOPEDIA / TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN LOGOFONATRÍA / TÉCNICO/A ESPECIALISTA GRAO SUPERIOR SANITARIO EN / TÉCNICO ESPECIALISTA EN:
		ANATOMÍA PATOLÓXICA	ANATOMÍA PATOLÓXICA
		AUDIOLOXÍA PROTÉSICA	AUDIOLOXÍA PROTÉSICA
		DIETÉTICA E NUTRICIÓN	DIETÉTICA / DIETÉTICA E NUTRICIÓN / NUTRICIÓN E CONTROL DOS ALIMENTOS
		DOCUMENTACIÓN SANITARIA	DOCUMENTACIÓN SANITARIA
		MEDICINA NUCLEAR	MEDICINA NUCLEAR
		HIXIENE BUCODENTAL	HIXIENE BUCODENTAL / HIXIENE DENTAL
		RADIODIAGNÓSTICO	IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO / RADIODIAGNÓSTICO
		LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO	LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO
		ÓPTICA DE ANTEOLLOS	ÓPTICA DE ANTEOLLOS
		ORTOPROTÉSICA	ORTOPROTÉSICA
		PRÓTESES DENTAIS	PRÓTESES DENTAIS / PRÓTESE DENTAL
		RADIOTERAPIA	RADIOTERAPIA
C2	P. SANITARIO TÉCNICO	SAÚDE AMBIENTAL	SAÚDE AMBIENTAL
		TÉCNICO/A MEDIO SANITARIO: COIDADOS AUXILIARES ENFERMARÍA (*)	AUXILIAR DE ENFERMARÍA / AUXILIAR DE ENFERMARÍA EQUIPO ATENCIÓN PRIMARIA / TÉCNICO EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA / AUXILIAR DE ENFERMARÍA APOIO / COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA / AUXILIAR DE CLÍNICA / AUXILIAR SANITARIO / AUXILIAR DE EMERXENCIAS SANITARIAS / MONITOR SAUDE MENTAL
		TÉCNICO/A MEDIO SANITARIO: FARMACIA (*)	TÉCNICOS AUXILIARES DE FARMACIA / FARMACIA
		TÉCNICO/A MEDIO SANITARIO: EMERXENCIAS SANITARIAS (*)	TÉCNICO/A EN EMERXENCIAS SANITARIAS / EMERXENCIAS SANITARIAS / CELADOR CONDUCTOR CON TITULACIÓN HABILITANTE
		TITULADO/A SUPERIOR FUNCIÓN ADMINISTRATIVA ADMINISTRACIÓN SANITARIA (*)	GRUPO TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA / TÉCNICO/A FUNCIÓN ADMINISTRATIVA / TÉCNICO/A SUPERIOR FUNCIÓN ADMINISTRATIVA / TITULADO/A SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN SANITARIA / TÉCNICO/A DE XESTIÓN SANITARIA / TÉCNICO/A SUPERIOR RECURSOS HUMANOS / SUPERIOR DE ADMINISTRADORES / ADMINISTRACIÓN XERAL / PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR / COMUNICACIÓN / XORNALISTA TITULADO/A SUPERIOR CC. DA INFORMACIÓN
A1	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	ENXEÑEIRO/A SUPERIOR (*)	ENXEÑEIRO/A SUPERIOR / ENXEÑARÍA INDUSTRIAL / ENXEÑARÍA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL / ENXEÑEIRO/A SUPERIOR EN TELECOMUNICACIÓNS

GRUPO. OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
A1	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR EN INFORMÁTICA (*)	TITULADO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA / TÉCNICO/A SUPERIOR DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN / SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN / TÉCNICO/A SUPERIOR DE SISTEMAS INFORMÁTICOS / ANALISTA / ANALISTA - PROGRAMADOR / INFORMÁTICO/A SUPERIOR / ANALISTA DE SISTEMAS / PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR
		BIBLIOTECARIO/A (*)	BIBLIOTECARIO/A / BIBLIOTECARIO/A-DOCUMENTALISTA / TÉCNICO/A XESTIÓN DOCUMENTAL, BIBLIOTECA E ARQUIVO / DOCUMENTACIÓN
		TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR RAMA SANITARIA / INVESTIGACIÓN / OUTROS (*)	TÉCNICO/A SUPERIOR DE COORDINACIÓN DE PROGRAMAS / PSICÓLOGO/A / TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR EN PSICOLOXÍA / PSICÓLOGO/A DE ATENCIÓN PRIMARIA / TÉCNICO/A SUPERIOR EN BIOLOXÍA / BIÓLOGO/A / BIÓLOGO/A CLÍNICO / TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR EN QUÍMICA / QUÍMICO/A / FÍSICO/A / FARMACIA/ OUTROS TITULADOS SUPERIORES/ PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR
		TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR XURÍDICO (*)	TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR / TÉCNICO/A SUPERIOR / PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR / TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR ESPECIALIDADE XURÍDICA / TITULADO/A SUPERIOR XURÍDICO / T.A.P RAMA XURÍDICA / LETRADO/A / PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR
		TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR ECONÓMICO (*)	TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR ESPECIALIDADE ECONÓMICA / T.A.P RAMA ECONÓMICA / ECONOMISTA / TITULADO/A SUPERIOR ECONÓMICO FINANCEIRO/ PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR
		TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR ARQUITECTURA (*)	ARQUITECTO/A / ARQUITECTO/A SUPERIOR / ARQUITECTURA/ PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR
		TÉCNICO/A TITULADO SUPERIOR PREVENCIÓN RR.LL. - NIVEL SUPERIOR (*)	TITULADO/A SUPERIOR DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS / TÉCNICO/A SUPERIOR HIXIENE DO TRABALLO / TÉCNICO/A SUPERIOR PSICOSOCIOLOXÍA E ERGONOMÍA DO TRABALLO / TÉCNICO/A SUPERIOR SEGURIDADE NO TRABALLO / ENXEÑEIRO/A SUPERIOR (DISCIPLINA PREVENTIVA, SEGURIDADE NO TRABALLO E HIXIENE INDUSTRIAL) / QUÍMICO/A DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (TÉCNICO DE NIVEL SUPERIOR) / PREVENCIÓN/ PERSOAL TÉCNICO TITULADO SUPERIOR
		TÉCNICO/A SAÚDE PÚBLICA EN EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E PARTICIPACIÓN COMUNITARIA(*)	TÉCNICO/A DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA EN: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E PARTICIPACIÓN COMUNITARIA
		TÉCNICO/A SAÚDE PÚBLICA EN SANIDADE AMBIENTAL(*)	TÉCNICO/A DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA EN: SANIDADE AMBIENTAL
		TITULADO/A MEDIO FUNCIÓN ADMINISTRATIVA ADMINISTRACIÓN SANITARIA (*)	GRUPO DE XESTIÓN DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA / XESTIÓN ADMINISTRATIVA / GRUPO XESTIÓN (FUNCIÓN ADMINISTRATIVA) / TÉCNICO/A MEDIO FUNCIÓN ADMINISTRATIVA / ADMINISTRACIÓN XERAL / ORGANIZACIÓN E XESTIÓN / TÉCNICO/A DE XESTIÓN
A2	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	TÉCNICO/A TITULADO MEDIO EN INFORMÁTICA (*)	XESTIÓN INFORMÁTICA / TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN / TÉCNICO/A GRAO MEDIO SISTEMAS INFORMÁTICOS / PROGRAMADOR / ANALISTA DE APLICACIONS / PERSOAL TÉCNICO DE GRAO MEDIO
		ENXEÑEIRO/A TÉCNICO (*)	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO / ENXEÑEIRO/A TÉCNICO (MESTRE INDUSTRIAL) / MESTRE INDUSTRIAL / ENXEÑEIRO/A TÉCNICO INDUSTRIAL / ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TELECOMUNICACIONS

GRUPO. OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
A2	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	<p>TRABALLADOR/A SOCIAL (*)</p> <p>TÉCNICO/A TITULADO MEDIO PREVENCIÓN RR.LL. DE NIVEL SUPERIOR (*)</p> <p>TÉCNICO/A TITULADO MEDIO (*)</p>	<p>TRABALLADOR/A SOCIAL / TRABALLADOR SOCIAL - ASISTENTE SOCIAL / ASISTENTE SOCIAL / TRABALLO SOCIAL</p> <p>TITULADO/A MEDIO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS / TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NIVEL SUPERIOR / TÉCNICO/A SUPERIOR HIXIENE DO TRABALLO / TÉCNICO/A SUPERIOR PSICOSOCIOLOXÍA E ERGONOMÍA DO TRABALLO / TÉCNICO/A SUPERIOR SEGURIDADE NO TRABALLO / TÉCNICO/A PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS - HIXIENE INDUSTRIAL / TÉCNICO/A PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS - HIXIENE PSICOSOCIOLOXÍA / PERSOAL TÉCNICO/A DE GRAO MEDIO (PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS) / TÉCNICO/A MEDIO DE HIXIENE DO TRABALLO (NIVEL SUPERIOR) / ENXEÑEIRO/A TÉCNICO (DISCIPLINA PREVENTIVA, SEGURIDADE NO TRABALLO E HIXIENE INDUSTRIAL - NIVEL SUPERIOR) / PREVENCIÓN/ PERSOAL TÉCNICO DE GRAO MEDIO</p> <p>TÉCNICO/A DE GRAO MEDIO / OUTROS TITULADOS/AS MEDIOS (TÉCNICO/A DE GRAO MEDIO) / TITULADO/A MEDIO ECONÓMICO FINANCEIRO / TÉCNICOS/AS TITULADOS DE GRAO MEDIO / ECONOMÍA E ESTADÍSTICA / DIPLOMADO/A EN CIENCIAS EMPRESARIAIS / ARQUITECTO/A TÉCNICO / ARQUITECTURA TÉCNICA / ARQUIVEIRO/A BIBLIOTECARIO/A / DOCUMENTACIÓN / DIPLOMADO/A EN RELACIÓNS LABORAIS - GRADUADO SOCIAL</p>
C1	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	<p>TITULADO/A ADMINISTRATIVO ADMINISTRACIÓN SANITARIA (*)</p> <p>COCIÑEIRO/A (*)</p> <p>CONTROLADOR/A DE SUBMINISTRACIÓNS (*)</p> <p>TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN (*)</p> <p>DELINEANTE (*)</p> <p>TÉCNICO/A SUPERIOR OFICIOS/XEFE/A DE TALLER / ENCARGADO/A (*)</p>	<p>GRUPO ADMINISTRATIVO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA / ADMINISTRATIVO/A / OFICIAL ADMINISTRATIVO / TÉCNICO/A GRAO MEDIO EN ORGANIZACIÓN E XESTIÓN SANITARIA</p> <p>COCIÑEIRO/A / TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN RESTAURACIÓN / RESTAURACIÓN</p> <p>CONTROLADOR/A DE SUBMINISTRACIÓNS</p> <p>TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INFORMÁTICA / OFICIAL TÉCNICO SISTEMAS INFORMÁTICOS / INFORMÁTICA / PERSOAL TÉCNICO NON TITULADO</p> <p>DELINEANTE / DELINEACIÓN</p> <p>XEFE DE TALLER / ENCARGADO / ENCARGADO EQUIPO PERSOAL DE OFICIO / TÉCNICO/A DE MANTENIMENTO / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE OFICIOS / TÉCNICO/A ESPECIALISTA MANTENIMENTO DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS / OFICIAL 1º / OBREIRO 1º / ENCARGADO/A DE MANTENIMENTO / OPERADOR/A DE MANTENIMENTO / ELECTRICISTA / OFICIAL TELEFONISTA / OFICIAL DE EDICIÓN E MEDIOS AUDIOVISUAIS / ELECTRÓNICA / TÉCNICO/A ESPECIALISTA MANTENIMENTO DE ELECTROMEDICINA / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE ELECTROMEDICINA / ENCARGADO/A DE BIBLIOTECA</p>
C1	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	<p>TÉCNICO/A NIVEL INTERMEDIO PREVENCIÓN RR.LL. (*)</p>	<p>TÉCNICO/A DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NIVEL INTERMEDIO / TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS / TÉCNICO/A INTERMEDIO PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS / TÉCNICO/A PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS NIVEL INTERMEDIO / PERSOAL TÉCNICO NON TITULADO (PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS) / PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS</p>

GRUPO. OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
C2	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	TÉCNICO/A SUPERIOR (*)	TÉCNICO/A SUPERIOR / TÉCNICO NON TITULADO / PERSOAL TÉCNICO NON TITULADO / TÉCNICO/A ESPECIALISTA GRAO SUPERIOR / TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN ALOXAMENTO / TÉCNICO/A SUPERIOR EN ALOXAMENTO
		XEFE DE PERSOAL SUBALTERNO	XEFE DE PERSOAL SUBALTERNO
		GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA (*)	GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA / GRUPO AUXILIAR ADMINISTRATIVO / AUXILIAR ADMINISTRATIVO / AUXILIAR ADMINISTRATIVO TAQUIGRAFÍA - ESTENOTIPISTA
		TÉCNICO/A EN ALOXAMENTO (*)	GOBERNANTA / GOBERNANTE/A COCIÑA
		ALBANEL (*)	ALBANEL / OFICIAL DE MANTENIMENTO / TÉCNICO/A DE MANTENIMENTO EN OBRAS DE ALBANELARÍA / ALBANELARÍA
		CALEFACTOR (*)	CALEFACTOR / OFICIAL DE MANTENIMENTO / ENCARGADO/A DE CALDEIRAS / CALEFACCIÓN
		CARPINTEIRO/A (*)	CARPINTEIRO/A / OFICIAL DE MANTENIMENTO / ACABAMENTO DE MADEIRAS E MOBLES / CARPINTARÍA
		CONDUTOR/A (*)	CONDUTOR/A / CONDUTOR/A PADIOLEIRO SAMUJ / CONDUCIÓN
		CONDUTOR/A DE INSTALACIÓNS (*)	CONDUTOR/A DE INSTALACIÓNS
		COSTUREIRA (*)	COSTUREIRA / OFICIAL DE MANTENIMENTO / COSTURA
		ELECTRICISTA (*)	ELECTRICISTA / OFICIAL DE MANTENIMENTO / ELECTRICIDADE
		FONTEINEIRO/A (*)	FONTEINEIRO/A / OFICIAL DE MANTENIMENTO / FONTANARÍA
		FOTÓGRAFO/A (*)	FOTÓGRAFO/A
		XARDINEIRO/A (*)	XARDINEIRO/A / OFICIAL DE MANTENIMENTO / XARDINARÍA
		MECÁNICO/A (*)	MECÁNICO/A / OFICIAL DE MANTENIMENTO / MECÁNICA
		MONITOR/A (*)	MONITOR/A
		C2	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS
PEITEADOR/A (*)	PEITEADOR/A / OFICIAL DE MANTENIMENTO / PEITEADO		
PINTOR/A (*)	PINTOR/A / PINTURA / OFICIAL DE MANTENIMENTO / TÉCNICO MANTENIMENTO ACABAMENTOS DA CONSTRUCCIÓN		
TAPICEIRO/A (*)	TAPICEIRO/A / OFICIAL DE MANTENIMENTO		
TÉCNICO/A AUXILIAR DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN (*)	TÉCNICO/A AUXILIAR DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN		
TELEFONISTA (*)	TELEFONISTA / TELEFONÍA		
PERSONAL DE OFICIOS VARIOS (MANTENIMENTO) (*)	PERSONAL DE OFICIOS VARIOS (MANTENIMENTO)		
PERSONAL SERVIZOS XERAIS (*)	PERSONAL SERVIZOS XERAIS / ENCARGADO/A SERVIZOS XERAIS / ENCARGADO/A DE SERVIZOS / CELADOR-CONDUTOR		
OFICIAL (*)	OFICIAL		
ALMACÉN (*)	ALMACÉN		
AZAFATO/A DE RELACIÓNS PÚBLICAS (*)	AZAFATO/A DE RELACIÓNS PÚBLICAS		

GRUPO. OU SUBGRUPO CLASIFI. PROFESIONAL	CLASIFICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO	DENOMINACIÓN DA CATEGORÍA DE REFERENCIA	CATEGORÍAS EQUIVALENTES
E - AGRUP. PROFESIONAIS	P. DE XESTIÓN E SERVIZOS	CELADOR/A (*)	CELADOR/A / CELADOR SUBALTERNO
		FOGONEIRO/A (*)	FOGONEIRO/A / PERSOAL DE OFICIOS
		LAVANDEIRA (*)	LAVANDEIRA / LAVANDEIRA-PASADORA DE FERRO / PERSOAL DE SERVIZOS
		LIMPADORA (*)	LIMPADORA / PERSOAL DE SERVIZOS
		PEÓN (*)	PEÓN / PERSOAL DE OFICIOS
		PINCHE (*)	PINCHE / PERSOAL DE SERVIZOS
		PASADORA DE FERRO (*)	PASADORA DE FERRO / LAVANDEIRA-PASADORA DE FERRO / PERSOAL DE SERVIZOS

(\*) Nota final: o acceso a estas categorías de referencia por mobilidade precisará, en primeiro lugar, que o aspirante se encontre encadrado, na especialidade ou categoría específica en que teña nomeamento como persoal estatutario fixo, nunha das categorías sobre as cales se establece equivalencia; que se oferten prazas e así se describan e enumeren as prazas concretas ofertadas por cada servizo de saúde que promova a convocatoria, de maneira que non se poida producir, en ningún caso, o acceso dun efectivo dunha especialidade á outra. Por isto, tanto nas categorías de referencia de "titulado especialista en" como na de "técnico superior especialista en" ou na de "técnico de saúde pública en" deberase atender á titulación e especialidade concreta de cada profesional. Por isto, deberase observar nestas que, aínda compartindo a denominación xenérica na categoría de referencia, só se poderá optar por mobilidade á categoría equivalente da mesma especialidade e titulación de acceso á categoría en que se teña o nomeamento estatutario fixo. Así, en ningún caso poderá acceder un titulado superior especialista nunha especialidade concreta a unha praza de titulado superior especialista doutra especialidade, ou un técnico superior especialista nunha disciplina concreta a unha praza de técnico superior especialista doutra titulación.